



PLAN DIXITAL

C.R.A. MONTERREI

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos
- 3.2. Indicadores e accións

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución

O C.R.A. Monterrei foi constituído pola Orde 3 de marzo de 2008 (DOG 10 de marzo de 2008).

Este centro resultou da agrupación de cinco escolas unitarias ,pero na actualidade só conta con tres : a de Pazos, Vences e a de Vilaza, tras o peche de as outras dúas (Feces de Abaixo e A Xironda). Como característica diferenciadora con respecto a colexios comarcais ou CEIP de zonas rurais, podemos sinalar que as aulas do noso CRA e a súa sede administrativa están dispersas xeograficamente por dous Concellos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Monterrei. Debido a esta dispersión xeográfica a itinerancia do profesorado é un sinal de identidade que marca o noso labor educativo tanto a nivel administrativo como pedagóxico.

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: C.R.A. MONTERREI

Enderezo: Rúa Progreso nº 112- Baixo

Localidade: Albarellos

Concello: Monterrei

Provincia: Ourense

Teléfono: 988 788106

Código postal: 32618

Correo electrónico: cra.monterrei@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cramonterrei/>

Blog: <http://cramonterrei.wordpress.com/>

Facebook: <https://www.facebook.com/cra.monterrei>

Instagram: [cra.monterrei](https://www.instagram.com/cra.monterrei)

Tipo de centro: Colexio Rural Agrupado

Número de mestres: 8

Número de alumnos : 34

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

O noso obxectivo ao constituírnos como CRA no 2008 ,foi elevar a calidade da ensino das comunidades rurais así como contribuír á revitalización socioeconómica e cultural das mesmas a través da elaboración e aplicación coordinada dun proxecto educativo que permita a integración das aprendizaxes no contorno respectivo.

As aulas de Vilaza e a de Vences pertencen ao Concello de Monterrei e a de Pazos ao de Verín. Os dous concellos están enclavados no Val de Monterrei, situado no sur este da provincia de Ourense.

Na zona de Monterrei a economía basease fundamentalmente sobre o sector primario, centrándose sobre todo no cultivo de viñedos e invernadoiros de flores e horto frutícolas

A industria predominante, aínda que escasa, céntrase nos sectores da construción, o téxtil, a madeira e sobre todo no aproveitamento das augas mineromedicinais, moi abundantes neste val, estando as explotacións principais no Concello de Verín

Mais sen dúbida na vila de Verín o sector principal é o terciario, co 43% dos activos cunha dotación comercial e de servizos que abarca unha ampla área de influencia.

Con respecto á poboación dende hai uns anos existe unha clara tendencia á diminución.

A creación do Plan Dixital implica unha modificación inevitable do Proxecto Educativo ,pois nel teñen que figurar todas as actuacións previstas no Plan Dixital para conseguir a mellora dixital do noso centro en todos os aspectos e as variacións metodolóxicas ou pedagóxicas que isto poda implicar.

Igualmente introduciremos modificacións no Plan de Integración das TIC e en todos aqueles outros plans onde a dixitalización estará máis presente.

Polo dito anteriormente a Programación Xeral Anual do curso 2022-2023 verase igualmente afectada xa que haberá que :

- Contemplan unha formación específica para o profesorado no ámbito dixital
- Modificar Plans
- Solicitar a renovación das dotacións dixitais
- Modificar estratexias de traballo

1.1. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do noso centro está circunscrito aos marcos de referencia da Competencia Dixital que orientan a formación inicial e permanente do profesorado e facilitan o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros educativos e nas súas aulas.

Estas normativas vixentes son as seguintes:

- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación:
 - **Art. 111 bis. Tecnoloxías da Información e a Comunicación**, que establece no seu punto 5: “ Las Administraciones educativas y los equipos directivos de los centros promoverán el uso de las tecnologías de la información y la comunicación (TIC) en el aula como medio didáctico apropiado y valioso para llevar a cabo las tareas de enseñanza y aprendizaje. Las Administraciones educativas deberán establecer las condiciones que hagan posible la eliminación en el ámbito escolar de las situaciones de riesgo derivadas de la inadecuada utilización de las TIC, con especial atención a las situaciones de violencia en la red. Se fomentará la confianza y seguridad en el uso de las tecnologías prestando especial atención a la desaparición de estereotipos de género que dificultan la adquisición de competencias digitales en condiciones de igualdad”.

- **Art. 121. Proxecto Educativo**, onde establece no seu punto 1 que “El proyecto educativo del centro recogerá asimismo la estrategia digital del centro”
- **Art.132. Competencias do director ou directora** onde detalla no seu apartado c) que unha desas funcións é “ Ejercer la dirección pedagógica, promover la innovación educativa e impulsar planes para la consecución de los fines del proyecto educativo del centro”.

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 na que se concreta que os centros docentes elaborarán o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital do C.R.A. Monterrei está constituído por todos os membros do seu claustro. Todos eles, inscribíronse no PFPP solicitado para a elaboración do mesmo así como na formación sobre o Plan Dixital .

A coordinadora do Plan Dixital do noso centro a través das informacións recibidas polo mentor foi configurando o acceso á Aula virtual creada para ir elaborando o Plan e, en colaboración co resto de membros do Equipo, e grazas á formación recibida polo mentor entre todos nós fomos, paso a paso, dando forma e enchendo de contido o citado plan:

- Contestando o cuestionario SELFIE e analizando os resultados
- Completando o Test de Competencia Dixital Docente (TCDD) e igualmente analizando os resultados
- Elaborando a DAFO do CRA. Monterrei a partir das conclusións extraídas do análise dos resultados anteriores
- Elaborando o Plan de Acción, detallando os obxectivos a conseguir para o curso 2022-2023
- E finalmente, elaborando o Plan Dixital co CRA. Monterrei, adaptado á nosa realidade .

2.Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

O CRA Monterrei leva participado en Proxectos de Innovación Educativa relacionados coas novas tecnoloxías con Proxectos de Formación do Permanentes

do Profesorado dende aproximadamente o ano 2000. Entre eles podemos sinalar; "O uso do ordenador en educación Infantil", "Experimentando con Programas de tratamento dixital na aula. A integración das tecnoloxías no ensino primario. Aspectos metodolóxicos e didácticos", "Nós tamén creamos"...

Desde hai tres cursos temos concedido Club de Ciencia e Contratos programa nos que participa todo o profesorado do Centro.

A nivel de dotación tecnolóxica o noso colexio conta desde a súa creación, no ano 2008, en todas as aulas con: Pizarras dixitais, cos seus correspondentes canóns, dous ordenadores portátiles, impresora multifunción, impresora de color, proporcionados pola Consellería e sen renovar dende entón. Máis recentemente o Centro dotou a cada aula con dúas tabletas, un microscopio dixital e dous robots educativos para idades temperás.

No espazo de traballo administrativo e docente contamos en uso, con dous ordenadores de sobremesa, dous portátiles operativos, un canón, dúas fotocopiadoras, unha delas de color, unha impresora e un retroproector.

O mantemento e a posta apunto de todo este material informático corre a cargo da Unidade de Atención a Centros (U.A.C.) e dunha empresa privada da nosa comarca.

Todos os edificios do CRA Monterrei teñen conexión á rede con Wifi, grazas ao Proxecto Escolas Conectadas.

Respecto as Plataformas e Servizos Dixitais temos a Aula Virtual operativa e a aplicación Abalarmóbil.

Para difundir e compartir a nosa práctica docente empregamos:

- A nosa páxina web <http://centros.edu.xunta.es/crademonterrei/>,
- O blog <https://cramonterrei.wordpress.com/>,
- O perfil de Facebook <https://www.facebook.com/cra.monterrei/>
- O Instagram cra.monterrei.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A DAFO é unha ferramenta que facilita a análise da realidade e a toma de decisións sobre distintos ámbitos .

Para efectuala é necesario recoller información, proceso que realizaremos a través de diferentes ferramentas. Estas son :

- **Autoavaliación SELFIE:** É unha ferramenta de reflexión para centros educativos desenvolta pola Comisión Europea que ten como obxectivo axudar aos centros a integrar as tecnoloxías dixitais no ensino e nas aprendizaxes.

Os resultados obtidos polo noso centro son os seguintes :

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS				
		Primaria	E.S.O.	Bac.	F.P.	Post sec.
A. Liderado	👤 Equipo Directivo	2,6				
	👤 Profesorado	2,9				
	👤 Alumnado	-				
B. Colaboración e redes	👤 Equipo Directivo	3,3				
	👤 Profesorado	3				
	👤 Alumnado	-				
C. Infraestruturas e equipos	👤 Equipo Directivo	3				
	👤 Profesorado	2,5				

	👤 Alumnado	-				
D. Desenvolvemento profesional continuo	👥 Equipo Directivo	3				
	👤 Profesorado	3,4				
	👤 Alumnado	-				
E. Pedagogía: Apoios e recursos	👥 Equipo Directivo	3,2				
	👤 Profesorado	3,7				
	👤 Alumnado	-				
F. Pedagogía: Implementación na aula	👥 Equipo Directivo	2,4				
	👤 Profesorado	2,6				
	👤 Alumnado	-				
G. Prácticas de avaliación	👥 Equipo Directivo	2				
	👤 Profesorado	2,1				
	👤 Alumnado	-				
H. Competencias dixitais do alumnado	👥 Equipo Directivo	2,2				
	👤 Profesorado	2,7				
	👤 Alumnado	-				

• **Test CDD: Test de Competencia Dixital Docente** : Ferramenta de autorreflexión do profesorado que determina, de forma orientativa, o nivel de competencia dixital de cada un dos participantes e servirá para poder planificar a formación futura do profesorado no ámbito dixital.

Os resultados obtidos polo noso centro son os seguintes :

Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do Test CDD)

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	5	5	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	2	3	66,7%

Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do Test CDD)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66,5	Integradora(B1)	76,4	Integradora (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do informe grupal do Test CDD)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	64,5	Exploradora(A2)	68,2	Integradora (B1)
Primaria	64,5	Exploradora (A2)	77	Integradora(B1)

Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do Test CDD)

	Total profesorado no nivel de competencia	% profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	6	60%
B1	2	20%
B2	2	20%
C1	0	0%
C2	0	0%
TOTAL	10	100%

• **Outras fontes:**

- **Debates** realizados polos membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital nas reunións realizadas permitiron, no momento de chegar á análise tanto dos resultados da enquisa SELFIE como aos do Test de Competencia Dixital Docente, interesantes achegas que contribuíron á toma de decisións consensuada sobre a nosa DAFO.
- **Análise cuantitativa e cualitativa** tanto da enquisa SELFIE como do Test de Competencia Dixital Docente realizado polo profesorado do centro, valorando tanto resultados numéricos como determinados aspectos internos e externos, que nos axudarán a determinar cales poden constituír debilidades ou fortalezas (internos) ou ameazas ou oportunidades (externos).
- **Dinámica dos "3 Porqués"** onde entre todos analizamos aqueles dous datos da enquisa SELFIE que obtiveron a maior puntuación, os dous que tiveron a menor e aqueles outros dous cunha maior dispersión para tentar atopar 3 motivos que puideran xustificar esa valoración e polo tanto que nos axudaran a determinar debilidades e ameazas así como fortalezas e oportunidades.

2.3. Análise DAFO

O nome desta ferramenta provén dos catro ámbitos que centran dita análise: Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades.

Na DAFO hai que diferenciar entre factores internos, que nos axudaran a coñecer as nosas fortalezas e debilidades e factores externos que nos permitiran descubrir as nosas oportunidades e ameazas.

Tras o análise das ferramentas anteriores (SELFIE e TCDD) e o debate entre o profesorado confeccionamos a DAFO do noso centro, que é a seguinte:

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

C A T E G O R Í A S	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Recursos compartidos na nube (Dropbox), Instagram, Blog do centro activo. Abundantes recursos nas escolas. Blog do centro activo. 	<ol style="list-style-type: none"> A infraestrutura dixital nalgunhas aulas é deficitaria por carencia de espazos ou por ser inadecuados. Equipos obsoletos e de mala calidade.
	PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Boa disposición por parte do profesorado para ampliar e completar a súa formación profesional. O tamaño reducido do claustro favorece a coordinación e o traballo cooperativo dos docentes. Variedade de recursos dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> O nivel dixital do profesorado é baixo polo que necesita formación e actualización. O profesorado é capaz de buscar e empregar recursos dixitais para o ensino, pero ten máis dificultades para crear actividades de aprendizaxe dixital. Falta de tempo para crear recursos dixitais.
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<ol style="list-style-type: none"> A idade do alumnado para traballar a competencia dixital.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> Comunidade educativa implicada. 	
	OFERTA		

	<p>ORGANIZACIÓN DE CENTO</p>	<p>1. O centro conta co apoio da dirección para todo o relacionado coas melloras educativas.</p> <p>2. Empregamos técnicas dixitais para colaborar con outros centros ou organizacións.</p> <p>3. Proxectos e Plans de Formación (Contratos Programa, Club de Ciencia, PFPP...)</p>	<p>1. O centro non conta cunha estratexia dixital definida, posto que non se debate sobre a mesma.</p> <p>2. Carecemos dun banco de recursos en liña.</p> <p>3. Definir e determinar aspectos e items da competencia dixital que queremos que adquiran os nenos das idades que temos na aula.</p> <p>4. Proxecto educativo sen actualizar dende algúns cursos.</p>
--	------------------------------	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Acceso a distintas posibilidades de formación en técnicas dixitais .</p> <p>2. A rede de formación do profesorado ofrece formación ao centro adaptada ás necesidades (PFPP)</p> <p>3. Aproveitar a elaboración do Plan Dixital para por en valor o traballo da ferramenta TIC no CRA e mellorar na práctica docente.</p> <p>4. Aproveitar as convocatorias dos novos plans da Consellería.</p>	<p>1. Carecemos de equipos dixitais actualizados, as conexións a internet fallan con frecuencia e a asistencia técnica corre, a maior parte das veces, por conta do centro e non da UAC .</p> <p>2. Os equipos informáticos mercados a través de proxectos carecen de cobertura por parte da Consellería.</p> <p>3. Falta de materiais de robótica, impresoras 3D, PDI actualizadas, entre as dotacións de material ofertados pola Administración.</p> <p>4. O profesorado non dispón do todo o tempo desexable para a formación e a elaboración de recursos dixitais, pola sobrecarga de traballo procedente da Consellería de Educación.</p>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA	1. Existe ANPA	1. Brecha dixital nas familias (Formación dixital, medios tecnolóxicos e conexións á rede.

	<p>OUTRAS ENTIDADES</p>	<p>1. Ampla oferta de entidades colaboradoras que se achegan a nós grazas ás técnicas dixitais .</p> <p>2. A difusión nos medios de comunicación e nas redes sociais da educación noutros Centros educativos e dos novos medios dixitais que empregan, xera aprendizaxe e motiva a actualización da dotación tecnolóxica.</p>
--	-------------------------	---

3. Plan de Acción

A partir da análise da DAFO elaborado traballamos primeiro, a nivel individual , tentando establecer aqueles obxectivos que nos parecían máis necesarios acadar , posteriormente cunha posta en común do feito por cada un de nós, establecemos de forma conxunta e consensuada os tres obxectivos para o noso Plan de Acción , determinamos a Área de mellora coa que están relacionados , os indicadores(e dicir, ata onde queremos chegar) e os seus valores de partida e de chegada. Tamén é necesario concretar as accións para conseguir cada obxectivo , determinar o responsable , acordar a temporización e os recursos necesarios.

Estes obxectivos deben ser : **ESPECIFICOS**, é dicir , o máis concretos posibles, **MEDIBLES** ,pois deben responder a metas cuantificables, **ALCANZABLES**, xa que deben ser posibles, **RELEVANTES** pois teñen que beneficiar a organización escolar , e por último **DEFINIDOS DO TEMPO** para así posibilitar a concreción do nivel de consecución do obxectivo no tempo establecido.

Cumprimentamos unha táboa para cada obxectivo con toda esta información e nesa mesma táboa faremos o seguimento dos obxectivos na fase de avaliación .

Táboa 1 : Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": C: Infraestructuras e equipos							
1. OBXECTIVO:	Renovar os recursos informáticos do noso centro de traballo					Acadado	
RESPONSABLE:	Directora					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Contar con 1 ordenador e 1 pantalla novos en cada aula(total 3 de cada una desas ferramentas dixitais)						
Valor de partida	Na actualidade 0 ordenadores novos e 0 pantallas						
Valor previsto e data	3 ordenadores e 3 pantallas novas				Final do curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		DA	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1:Inventario detallado dos recursos dixitais do centro.	Directora	30 de setembro de 2022	Reconto dos recursos dixitais		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Solicitud de material á Consellería de Educación seguindo os procedementos pertinentes.	Directora	1º Trimestre do Curso 2022-2023	Tramitación da solicitud		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa 2 : Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": D : Desenvolvemento profesional contínuo							
2. OBXECTIVO :	Mellorar a formación do profesorado na competencia dixital					Acadado	
RESPONSABLE:	Directora					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Que máis do 90% do profesorado participe na formación en competencia dixital						
Valor de partida	Non todo o profesorado crea e difunde contidos dixitais de forma frecuente						
Valor previsto e data	Máis do 90% do profesorado creará e difundirá actividades elaboradas con medios dixitais no curso 2022-2023				Final do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1: Solicitud no PFPP de formación sobre Actualización Dixital	Directora	30-10-2022	Solicitud e aplicación para cursala		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Creación de contidos dixitais aplicables á nosa práctica docente (cando menos 1 actividade por trimestre)	Todo o profesorado	Final de cada trimestre	Equipamento informático e formación do profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Difusión das actividades realizadas empregando as redes de difusión do centro docente (cando menos 1 actividade por trimestre)	Todo o profesorado	Final de cada trimestre	Equipamento informático e formación do profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa 3 : Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": A: Liderado , F:Pedagogía (implementación na aula) e H:Competencias dixitais do alumnado						
3. OBXECTIVO :	Empregar a Nova Nube Dixital para o CRA Monterrei				Acadado	
RESPONSABLE:	Directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Ter a Nube do CRA Monterrei operativa e accesible a toda a Comunidade Educativa 1: - 25% 2:25% - 50% 3: 50% - 75% 4: +75 %					
Valor de partida	Non está operativa					
Valor previsto e data	Operativa en máis dun 80%			Final do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Formación para traballar na Nube a través dos tutoriais proporcionados pola Consellería .	Coordinador TIC	1º Trimestre	Ordenador, tutoriais proporcionados pola Consellería		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación do entorno virtual da Nube do CRA Monterrei	Coordinador TIC	1º Trimestre	Recursos dixitais e documentación específica para tal fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3 : Achegamento de contido a Nube do CRA Monterrei	Coordinador TIC	Final do curso 2022-2023	Contidos, materiais e recursos dixitais necesarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4.Avaliación do plan

A avaliación do Plan Dixital deberá facerse contemplando dous aspectos :

- Avaliación procesual : Que estudará o estado de execución das accións , a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso , as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora; e que se realizará no momento de fin de remate de cada acción (mínimo unha vez ao trimestre)
- Avaliación final : Que valorará o logro dos obxectivos e as propostas de mellora e a súa frecuencia de realización será unha vez ao ano .

Segundo cada un dos obxectivos os procedementos e a temporización da avaliación ,tanto procesual como final, variarán atendendo ás peculiaridades de cada un deles.

Así pois,por exemplo, para o obxectivo 1 : "Renovar os recursos informáticos do noso centro de traballo", a avaliación das nosas accións finalizará no fin do Primeiro Trimestre, mentres que nos outros dous será en xuño de 2023.

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital farémolo a través de registros ou instrumentos diseñados para tal efecto nos que iremos anotando e contrastando o grao de consecución de cada obxectivo proposto.

5.Difusión do plan

O Plan Dixital unha vez finalizado deberá ser aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar do CRA: Monterrei antes de finalizar este curso 2021-2022.

Igualmente, no inicio de curso 2022-2023, deberá ser novamente informado o Claustro do contido de dito plan ,no caso de que houbera modificacións na súa plantilla, posto que todos os seus membros teñen o compromiso de implicarse activamente no seu desenrolo e aplicación.

A difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa farase a través da Paxina Web do CRA Monterrei <http://centros.edu.xunta.es/crademonterrei/>

Así mesmo, informarase por escrito ás familias que o poderán consultar no enderezo antes citado.